

NUM-CONSULTA: V0005-12

ÓRGANO: DIRECCIÓN XERAL DE TRIBUTOS

DATA DE SAIDA: 18/04/2012

NORMATIVA:

- Artigo 20.3 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesión e doazóns.
- Artigo 13 da Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns.

DESCRICIÓN-FEITOS:

O consultante foi titular dunha farmacia e procedeu a doazón da mesma a súa filla acolléndose aos beneficios fiscais no imposto de sucesións e doazóns por cumprir os requisitos establecidos. Agora o doante quere darse de alta novamente como colaborador da titular, farmacéutico adxunto.

CUESTIÓN FORMULADA

Ao darse de alta novamente como colaborador da titular, farmacéutico adxunto vulneraría o establecido no art. 20.3 da Lei 29/1987 do 18 de decembro, do imposto sobre sucesión e doazóns, concretamente a condición b) y 13 de la Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns podendo provocar a perda da exención ou polo contrario, ao non exercer función de dirección nin percibir contraprestación económica ningunha con ditas

funcións non sería incompatible cos beneficios fiscais anteriormente sinalados.

CONTESTACIÓN COMPLETA

En relación coa súa consulta, este Centro Directivo informa o seguinte:

Normativa:

O artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, do que resulta que esta Dirección Xeral non é competente para contestar consultas tributarias que non se refiran á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma en exercicio das súas competencias normativas.

Artigo 8. catro do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado (artigo 13 da derogada Lei 9/2008, do 28 de xullo, galega de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns).

“ Nos casos de transmisión de participacións inter vivos dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base imponible, para determinar a base liquidable, do 99% do valor de adquisición, sempre e cando concorran as condicións seguintes:

- a. Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
- b. Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devendidas funcións desde o momento de transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.

- c. Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data de devengo do imposto.
- d. Que na data do devengo do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio....
- e. Que a adquisición corresponda ao conxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.
- f. Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto de acordo co establecido nas alíneas

anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

- g. Que a empresa individual ou entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores ao devengo do imposto.”

Resposta:

De acordo co referido artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, e dado que esta Comunidade Autónoma non aprobou o beneficio fiscal establecido no artigo 20.3 da Lei 29/1987, non corresponde a esta Dirección Xeral a competencia para contestar á consulta formulada no que se refire o indicado artigo.

Por outra banda, no que se refire a aplicación do beneficio fiscal recollido no mencionado artigo 8. catro do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, dado que o mesmo si foi aprobado por esta Comunidade Autónoma, esta Dirección Xeral si é competente para a contestación á consulta formulada no que se refire á aplicación do mesmo. De acordo con isto, indicar:

Para poder seguir disfrutando do beneficio fiscal regulado no artigo 8.catro do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das

disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, e aplicado no momento de presentación da autoliquidación pola referida doazón, é necesario que se cumpra o recollido nos apartados b), c) e f).

Nada se indica no escrito de consulta en relación cos requisitos das letras c) e f), polo que esta Dirección Xeral non pode manifestarse o respecto, só indicar que é necesario o seu cumprimento para poder seguir disfrutando do beneficio aplicado.

No que se refire o requisito da letra b), e de acordo cos datos proporcionados no escrito de consulta, esta Dirección Xeral indica que se pode seguir disfrutando do beneficio fiscal aplicado sempre que as funcións que exerza o farmacéutico adxunto non impliquen en ningún caso exercer funcións de dirección nin perciba remuneracións polas mesmas.

Neste sentido, a consulta 0007-00 da Dirección General de Tributos- Ministerio de Hacienda, sinala que haberá que estar en cada caso ás circunstancias peculiares de cada negocio e das funcións desenvolvidas